

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

C E R T I F I C A:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o 9 de marzo de 2018, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.d. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Apertura da documentación presentada nos sobres “C” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto convocado para contratación da subministración, transporte e instalación de centros de compostaxe comunitarios na provincia de Pontevedra (Nº Expte.- 2017047344).*

O Secretario informa os asistentes da puntuación acadada pola única empresa presentada e admitida ó procedemento aberto convocado para contratación da subministración, transporte e instalación de centros de compostaxe comunitarios na provincia de Pontevedra, e que é a seguinte:

Empresa licitadora	Puntuación sobre “B”
Vermican Soluciones de Compostajes S.L. (CIF B-71066153).	40 puntos

A continuación procedese á apertura da documentación presentada no sobre “C” da empresa, Vermican Soluciones de Compostajes S.L. que acadou unha valoración superior a 25 puntos nos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Os valores ofertados pola empresa, Vermican Soluciones de Compostajes S.L., foron os seguintes:

Prezo de licitación ofertado:

Importe sen IVE:	174.800,00 €
IVE (21%):	36.708,00 €
Importe IVE incluído:	211.508,00 €

Prezo unitario da UMC (sen IVE): 437,5.€

(Nota: A efectos informativos e de facturación deberase indicar o prezo unitario da UMC, considérase que no prezo unitario se inclúe o transporte e instalación das mesmas.)



_ Prazo de garantía da subministración:48 meses

(O prazo de garantía ofertado non poderá ser inferior a 24 meses nin superior a 60 meses)

E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, a nove de marzo de dous mil dezaoito.

